

ESTATUTOS XERAIS DA "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A RAMALLOSA "

TITULO I DENOMINACIÓN E RÉXIME

Artigo 1º:

1. Procédese a modificar os estatutos da asociación denominada **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A RAMALLOSA**, co nº 12446 de inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro e **CIF G70174404**.
2. Ao abeiro do artigo 22 da Constitución Española constitúese con sede en A Ramallosa - Teo e coa denominación de **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A RAMALLOSA**, esta Asociación que terá, conforme ás Leis, capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.
3. O réxime da Asociación está constituído polos presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e os seus órganos directivos, dentro da esfera da súa respectiva competencia. No non previsto estarase ao establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e demais disposicións concordantes.
4. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

TITULO II FINS E ACTIVIDADES

Artigo 2º: Fins.

1. *Son fins desta Asociación:*
 - a) A Asociación carece de ánimo de lucro sendo os seus fins totalmente apolíticos e desvinculados de calquera tendencia política, partido, sindicato ou calquera grupo establecido á marxe da defensa dos intereses dos asociados.
 - b) Promover e fomentar a organización de actos e actividades culturais, sociais, de ocio e de tempo libre
 - c) Prestación de servizos á xuventude, podendo achegar eles mesmos as súas ideas e ser participes destas, tanto de xeito organizativo coma levándoas a cabo
 - d) Participar conxuntamente con outras asociacións locais, provinciais ou rexionais en eventos acordos cos fins propios desta asociación
 - e) Actuar como punto de recepción de todas aquelas iniciativas e propostas que nos queiran achegar de forma individual e/ou colectiva de todos os veciños/ás.

2. *Para o cumprimento destes fins realizánsense as seguintes actividades:*

- a) Informar os socios/ás de todas as novidades, actos e actividades a realizar. Para iso créase un espazo web e participación activa nas redes sociais no cal se publicasen os eventos, novidades e o calendario de actividades da asociación.
 - b) Xestionar e fomentar a participación nas diversas actividades culturais que se realicen.
 - c) Organizar actividades deportivas, musicais, de baile, realización de charlas, talleres, cursos, etc. Para todas aquelas persoas que queiran participar; dirixindo tales actividades a todo tipo de colectivos sociais.
 - d) Axudar no desenvolvemento de todos os programas e eventos de animación xuvenil e infantil.
 - e) Realizar a celebración de actividades culturais e festivas, promovendo así a convivencia e a relación entre veciños.
3. Os beneficios obtidos pola asociación derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente, ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba, en ningún caso, a súa repartición entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

TITULO III DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

Artigo 3º: Domicilio.

Esta Asociación terá o seu domicilio social no municipio de TEO, provincia da **Coruña**, con sede en: **TRAVESÍA DA RAMALLOSA 21, ÁTICO A, 15883 A RAMALLOSA-TEO**

Artigo 4º: Ámbito Territorial.

O ámbito territorial de acción previsto para a Asociación esténdese ao concello de Teo (A Coruña) e en todo caso, a defender os dereitos dos seus Socios xudicialmente en calquera punto de España e do estranxeiro se por razóns de traballo ou outras circunstancias se encontran desprazados.

TITULO IV ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPÍTULO I. CLASES E DENOMINACIÓN

Artigo 5º: Clases e Principios.

1. *Os órganos de goberno e representación da Asociación son:*
 - a) Presidente
 - b) A Asemblea Xeral.
 - c) A Xunta Directiva.

2. A organización interna e o funcionamento da Asociación debe ser democrático, con pleno respecto ao pluralismo. Serán nulos de pleno dereito os pactos, disposicións estatutarias e acordos que descoñezan calquera dos aspectos do dereito fundamental de asociación.

CAPÍTULO II. PRESIDENTE

Artigo 6º:

O presidente da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará un ano. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá en casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

CAPÍTULO III. ASEMBLEA XERAL

Artigo 7º: Composición.

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e está formada por todos os integrantes desta. O presidente e o secretario da asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.

Artigo 8º:

1. As reunións da Asemblea Xeral serán Ordinarias e Extraordinarias.

2. A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente polo menos unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; será convocada pola Xunta directiva coa antelación necesaria.
3. A Asemblea Xeral Extraordinaria celebrárase necesariamente cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente ou acórdeo a Xunta Directiva, e cando o solicite polo menos a décima parte do total dos Socios mediante escrito dirixido ao Presidente, coa firma dos solicitantes, e no que se expoña o motivo da convocatoria.

Artigo 9º: Convocatoria.

O Presidente, de acordo coa Xunta Directiva, convocará mediante escrito ou publicación no espazo web, dirixido a todos os Socios a celebrar Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, facendo constar o día da celebración, hora, lugar e a orde do día cos asuntos que vaian ser sometidos a discusión. A Asemblea convocarase polo menos con 15 días de antelación.

Artigo 10º: Quórum e asistencia e votacións.

1. Nas Asembleas Xerais, tanto a Ordinaria coma a Extraordinaria, será necesario a asistencia do Presidente e o Secretario ou, aqueles membros de Xunta Directiva que lles substitúan e, quedarán validamente constituídas, en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados e, en segunda convocatoria poderase levar a cabo trinta minutos despois da hora sinalada para a primeira con calquera que sexa o número de Socios concurrentes.
2. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os vistos en branco nin as abstencións.
3. Serán necesarios a aprobación de dous terzos das persoas presentes ou representadas, para:
 - a) Modificar os estatutos da asociación
 - b) Elixir ou cesar aos integrantes da Xunta Directiva
 - c) Aprobar a federación con outras asociacións
 - d) Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
 - e) Acordar a disolución da asociación
 - f) Designar os/ás liquidadores/ás
 - g) Ratificar a expulsión de asociados e asociadas por proposta da Xunta Directiva

Artigo 11º: Competencias.

1. *Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria os asuntos seguintes:*
 - a) Coñecer e aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva sobre as actividades desenvolvidas e as que se proxecten.
 - b) Coñecer e aprobar, no seu caso, a liquidación e o estudo das contas do exercicio anterior e, propoñer e aprobar o presuposto seguinte.
 - c) Resolver sobre a aprobación do inventario anual de bens móbiles e inmóbiles, cuxa valoración detallada destes será realizada polo membro da Xunta Directiva previamente designado para ese fin.

- d) Aprobar ou rexeitar as proposicións que se promovan regulamentariamente pola Xunta Directiva ou polos asociados.
- e) Acordar os gastos que haxan de atenderse con cotas extraordinarias e o seu establecemento, así como as das cotas ordinarias, fixar a contía destas e a súa periodicidade.
- f) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Xeral Extraordinaria.

2. *Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria o seguinte:*

- a) Nomeamento ou revogación dos membros da Xunta directiva.
- b) A modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación, no seu caso, nomeamento dos liquidadores.
- d) Ratificar a expulsión de socios por proposta da Xunta Directiva.
- e) Acordos sobre a contratación dos servizos xurídicos ou das novas iniciativas xurídicas que se adopten.
- f) Aprobar a federación con outras asociacións.
- g) Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- h) Solicitud de declaración de utilidade pública.
- i) Calquera acto cultural ou lúdico a levar a cabo, non aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.
- j) Calquera outro asunto que, pola súa importancia ou polo tema a desenvolver puidera ser competencia de Asemblea Xeral Extraordinaria.
- k) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- l) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen prexuízo para a asociación.
- m) Todaslas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 12º: Obrigatoriedade dos acordos.

Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os Socios a cumprilos e respectalos, mesmo aos non asistentes e serán levados ao libro de actas que asinarán o Presidente e o Secretario.

CAPÍTULO III. XUNTA DIRECTIVA

Artigo 13º: Composición.

A Asociación será xestionada e representada pola súa Xunta Directiva, formada por: un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e 5 vogais, dos cales un deles será o responsable da área de xuventude.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sendo designados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria. Para ser membro dos órganos de representación da Asociación, serán requisitos indispensables ser socio, maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incluído dentro dos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa:

- a) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- c) Por expiración do mandato.
- d) Por enfermidade ou asuntos persoais que impidan manter o cargo.

Artigo 14º: Elección de cargos.

1. Os cargos da Xunta Directiva terán unha duración dun ano, en tal caso, o seu mandato prorrogarase ata a celebración dunha Asemblea Xeral Extraordinaria, podendo ser reelixidos os seus membros ao finalizar o seu mandato. Os cargos de Presidente e Vicepresidente ocuparanos os dous candidatos máis votados, seguindo a orde de votos obtidos, en caso de empate, o cargo de Presidente ocuparao o candidato de máis idade; os cargos de Secretario, Tesoureiro e Vogais ocuparanos membros elixidos entre todos os compoñentes da Xunta Directiva.
2. A elección efectuarase pola Asemblea Xeral Extraordinaria mediante votación secreta, a candidatura será unha lista aberta cos nomes de todos os candidatos que desexen presentarse ou o solicítasen á Xunta Directiva. Para ser candidato debe reunir as seguintes condicións:
 - a) Ser maior de idade.
 - b) Estar ao corrente de pagamento das cotas ordinarias e extraordinarias establecidas pola Asemblea Xeral.
 - c) Comprometerse a dispoñer dun tempo suficiente para atender as actividades a desenvolver pola Xunta Directiva e a Asociación.
3. As vacantes que puidesen producirse na Xunta, cubriranse provisionalmente por designación da Xunta Directiva, ata a celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria, que elixirán aos novos membros ou confirmará aos designados provisionalmente. En calquera caso a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 15º: Sesións.

1. A Xunta Directiva celebrará sesión cando o determine o Presidente, por iniciativa propia ou a petición de tres dos seus membros. Quedará constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.
2. Cando a Xunta Directiva o considere procedente pola índole da materia a tratar na sesión, poderán ser invitados a tomar parte nas súas deliberacións como asesores cualificados, pero sen voto, profesionais ou especialistas para clarificar asuntos concretos que figuren na orde do día.

3. Das sesións levantará acta o Secretario, co visto e praxe do Presidente e reflectirao no libro de actas.

Artigo 16º: Competencias.

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación
- c) Someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de conta do ano anterior.
- d) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
- e) Proponer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os socios.
- f) Designar as comisións de traballo ou seccións que se consideren oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- h) Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos socios.
- i) Proponer o plan de actividades da Asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- j) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
- k) Aquelas que non vingan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artigo 17º: Competencias do Presidente

O presidente da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará un ano. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Son atribucións do Presidente da Asociación:

- a) Exercer a representación legal da Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Orenar os pagamentos por conta de fondos da Asociación previos aos acordos de gastos correspondentes.
- e) Autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.
- f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle para o bo desenvolvemento das súas actividades resulte necesario ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- g) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación co tesoureiro ou membro da Xunta Directiva a que lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- h) Velar polos fins da Asociación e o seu cumprimento.

Artigo 18º: Competencias do Vicepresidente

Son atribucións do Vicepresidente da Asociación:

- a) Apoiar o presidente nas súas competencias e suplilo en ausencia deste

Artigo 19º: Competencias do Secretario.

Independentemente dos dereitos e obrigas especiais que lle confiren os acordos da Xunta Directiva, corresponde ao Secretario.

- a) Levantar acta das reunións.
- b) Levar a asistencia dos vogais, os libros a que fai mención o número 1) do Artigo 14 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, e normas complementarias.
- c) Expedir certificacións.
- d) Ter actualizadas as listas e ficheiros dos asociados.
- e) Custodiar a documentación da entidade.
- f) Cursar as comunicacións para convocar as reunións de Xunta Directiva.
- g) Inscribir os acordos sociais nos Rexistros Correspondentes.
- h) A presentación das contas anuais.
- i) Preparar o despacho para dar conta á Xunta Directiva dos asuntos da Asociación e das comunicacións dos socios.
- j) Calquera outras funcións que lle atribúan as Leis, normas Estatutarias e cumprindo as obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 20º: Competencias do Tesoureiro

Corresponde ao Tesoureiro:

- a) Recadar e custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de contabilidade.
- b) Preparar os balances e presupostos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
- d) Levar o inventario de bens se os houbese.
- e) Asinar a correspondente conta de ingresos e gastos anuais, para sometela á aprobación da Xunta Directiva, así reunidas as correspondentes do ano, sometelas á aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria.
- f) Custodiar os libros de contabilidade da Asociación.
- g) tesoureiro ten obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 21º: Competencias dos Vogais.

Son funcións dos Vogais:

- a) Atender os diversos campos de responsabilidade e competencia que lles asignase a Xunta Directiva.
- b) Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- c) Informar á Xunta Directiva sobre a marcha das xestións realizadas ou encomendadas.

CAPITULO IV. DOS SOCIOS

Artigo 22º:

Poden ser socios todas as persoas maiores de idade con capacidade de obrar e non suxeitas a condicións legais que llelo impidan e que demostren o seu interese polos fins da asociación. Poderán ser integrantes da asociación na súa sección xuvenil, os menores non emancipados de mais de 14 anos co consentimento, documentado e acreditado, das persoas que poidan suplir a súa capacidade.

Os acordos de admisión de socios tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa de desexa ser admitida.

Artigo 23º: Clases de socios.

Na Asociación existirán as seguintes clases de socios:

- a) Socios fundadores, que serán aqueles que participasen no acto de constitución da Asociación.
- b) Socios de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
- c) Socios de honra, os que polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, se fagan acredores a tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á Asemblea Xeral, por proposta da Xunta Directiva.
- d) Socios xuvenís, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, que estarán integrados na sección xuvenil, no seu caso.

Artigo 24º: Dereitos dos Socios.

Son dereitos dos socios:

- a) Participar nas actividades da Asociación, nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos.
- b) A ser informado a preto da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- d) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que considere contrarios á Lei ou aos Estatutos.

- e) Acceso a toda a documentación no Artigo 29 do presente Estatuto, a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- f) Intervir, conforme ás normas legais e estatutarias na xestión da Asociación e expresar libremente as súas opinións en materia e asuntos desta.
- g) Asistir con voz e voto ás Asembleas Xerais.
- h) Presentarse libremente a ser incluído na candidatura que presente a Xunta Directiva aos postos de goberno da Asociación, e desempeñar os cargos que sexa elixido.
- i) A utilizar o local Sede, para toda actividade relacionada cos fins da Asociación autorizada pola Xunta Directiva.
- j) Dereito a convocar Asemblea Xeral, cando o acorde a décima parte dos Socios.
- k) Dereito a ser avisado coa suficiente antelación de calquera cambio na Asemblea ou reunión que teña lugar.

Os asociados honorarios e xuvenís non intervirán no da asociación nin nos órganos de representación dela. Os asociados honorarios están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 25º: Deberes dos Socios.

Son deberes dos socios:

- a) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución destas.
- b) Pagar as cotas, derramas e outras achegas que conforme aos Estatutos, poidan corresponder a cada socio.
- c) Observar os Estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea Xeral debidamente convocada.
- d) Asistir ás Asembleas Ordinarias e Extraordinarias.
- e) Non pertencer a outra asociación que persiga os mesmos fins iguais ou similares.
- f) Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- g) Acatar e cumprir os acordos válidos adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
- h) Participar coa cota correspondente por vivenda, se fose maior dunha, participar con igual cantidade de cotas que o número de vivendas en dereito.

Artigo 26º: Baixas dos Socios.

Poderase perder a condición de socio:

- a) Polo incumprimento reiterado dalgún dos deberes de socio.
- b) Por conduta contraria á boa convivencia e aos fins da Asociación.
- c) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.

Artigo 27º: Réxime Disciplinario.

O asociado que incumprise as súas obrigas para coa Asociación ou que, a súa conduta menoscabe os fins ou prestixio da Asociación, será obxecto do correspondente expediente disciplinario, do que se dará audiencia, incoado pola Xunta Directiva que resolverá o que proceda.

Se a Xunta propuxese a expulsión, propoñeraa á Asemblea para a súa aprobación.

As sancións poden comprender dende a suspensión temporal dos seus dereitos á expulsión.

CAPITULO V

RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 28º: Ingresos.

A Asociación carece de patrimonio fundacional inicial.

Artigo 29º: Funcionamento.

A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro das asociación, que deberá telo preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, co fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 30º: Recursos.

Os recursos da Asociación están constituídos por:

- a) As cotas periódicas dos socios
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
- c) Os donativos ou achegas que reciba.
- d) As herdanzas ou legados que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- e) As subvencións, axudas e auxilios que reciba da Administración Estatal, Autonómica, Provincial ou Municipal, así como as que a concedan outras institucións de carácter privado.
- f) Os ingresos que se poida recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- g) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 31º: Cotas.

1. Establécese unha cota inicial anual por cada membro, e decídese a inscrición gratuíta para os fillos menores de idade no caso de que os dous proxenitores pertencen á asociación. Esta cota servirá para sufragar gastos de xestión, asesoramento xurídico, desprazamentos, actividades da asociación...
2. As cotas ordinarias ou extraordinarias estableceranse pola Asemblea Xeral, por proposta da Xunta Directiva, e non son reintegrables en caso ningún.
3. Para a admisión de novos socios, a Asemblea Xeral poderá fixar unha achega inicial non reintegrable, cota de admisión.

Artigo 32º: Obrigas documentais e contables.

1. A Asociación dispoñerá dunha relación actualizada de asociados, levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades relacionadas, levar un inventario de bens e recoller nun libro de actas as reunións dos órganos de goberno e representación. Deberá levar a súa contabilidade conforme ás normas específicas que lles resulten de aplicación.
2. As contas da Asociación aprobaranse anualmente pola Asemblea Xeral.
3. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que ser formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 días do sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou rexeitalas.
4. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

CAPITULO VI REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 33º: Regulamento

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non consideradas directamente nestes estatutos, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno das asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VII DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 34º: Disolución.

A Asociación disolverase:

- a) Voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, por acordo maioritario do voto favorable dos dous terzos das persoas presentes e representadas constituídas en Asemblea.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.

Artigo 35º: Comisión liquidadora.

Formarase unha comisión liquidadora que cobrará os créditos e aboará as débedas se as houber.

Unha vez extinguidas estas decidirase que facer por acordo da Asemblea Xeral, destinando o patrimonio haber resultante en caso de disolución a unha entidade benéfica ou a outra asociación non lucrativa inscrita no REXISTRO e que teña uns fins similares, respectando o artigo 7.1.k da L.O. 1/2002.

CAPÍTULO VIII REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 36º: Reforma dos Estatutos.

A modificación dos presentes Estatutos será competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria, e co acordo do voto favorable dos dous terzos dos socios presentes e representados na Asemblea convocada ao efecto.

As modificacións que se realicen en calquera momento serán comunicadas ao Rexistro correspondente.

PRESIDENTE
Roberto Blanco Martínez

VICEPRESIDENTE
Javier Duarte Porto

SECRETARIO
Silvia Parente Vieites

TESORERO
Mª Jesús Dafonte Lorenzo

VOCAL
Rosa Mª Fernández González

VOCAL
Alfonso Cárbia Rendo

VOCAL
Santiago Ferreiro Carou

VOCAL
Rosa Moreiras Cuñarro

VOCAL
Mª Esther Jiménez Peña

DILIXENCIA FINAL PARA MODIFICACIÓN ESTATUTOS

D^a Silvia Parente Vieites na súa calidade de secretaria da Asociación de Veciños A Ramallosa fai constar que os presentes estatutos foron modificados por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria, que tivo lugar o día 30 de marzo de 2012

Secretario:
Silvia Parente Vieites

Visto e prace o presidente
Roberto Blanco Martínez

Asinado:

Asinado: